



Teresa López Fernández, vicerreitora de Profesorado e presidenta da Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral,

FAGO CONSTAR:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de profesorado laboral reunida o 11 de xullo de 2025, tomou o seguinte acordo en relación coas reclamacións presentadas na praza que se relaciona a continuación,

Praza: 25/3026

Categoría: axudante doutor

Área de coñecemento: Composición Arquitectónica

Departamento: Proxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición

Centro: Escola Técnica Superior de Arquitectura

Tras analizar a documentación da praza 25/3026, a reclamación presentada por Dona Cristina Botana Iglesias e os informes emitidos pola Comisión de selección, a Comisión de reclamacións indica:

_a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do persoal docente e investigador da UDC (aprobada polo Consello de goberno con data 7 de novembro de 2024) establece no anexo I o Baremo para a selección de profesorado axudante doutor, substituto e asociado.

_o citado baremo recolle na sección III (Experiencia investigadora, de transferencia e divulgación), en concreto no punto 6 como ha de valorarse a participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas e en convenios de investigación):

"A participación en proxectos de investigación financiados por entidades públicas ou privadas realizadas en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, e con avaliación externa [Consejo Europeo de Investigación (ERC), Agencia Estatal de Investigación (AEI), axencias autonómicas], valorarase segundo o tipo de proxecto e de participación. No caso de ser investigador/a principal (IP) a valoración será de 6 puntos por proxecto europeo; 4 puntos por proxecto estatal; 2 puntos por proxecto autonómico; 1 punto noutros casos. No caso de ser membro do equipo de investigación ou de traballo ou contratado como investigador/a con cargo a proxecto, a puntuación será a metade"

_o baremo non inclúe ningunha referencia á fase de realización dun proxecto ou convenio nin a calquera outra condición máis que as que establecidas na propia normativa no relativo á xustificación documental como condición para a valoración do proxecto ou convenio

En consecuencia, a Comisión de reclamacións ACORDA:

_instar á Comisión de selección a que valore a participación en proxectos de investigación da reclamante Dona Cristina Botana Iglesias conforme xa lle foi sinalado por esta mesma Comisión de Reclamacións na súa resolución de data 2 de xullo

_facér público este acordo

A Coruña, asinado dixitalmente

A vicerreitora de Profesorado
Teresa López Fernández